

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DAS MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E O PROXECTO BERRANDO AO MUNDO DE INTERVENCIÓN CON ADOLESCENTES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.



A Fundación Juan Soñador é unha entidade de natureza fundacional que foi constituída mediante escritura pública outorgada o 6 de xuño de 2002 co número de protocolo 1008 ante a notaria Ana Margarita de los Mozos Touya do Ilustre Colexio de Valladolid e figura inscrita co número 289, como fundación de asistencia social e cooperación para o desenvolvemento, no Rexistro de fundacións asistenciais en virtude da Orde TAS/2546/2002, do 19 de setembro.

Así mesmo figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E-4622.

A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a súa dignidade e integridade física, psíquica e moral e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

Neste contexto hai que ter en conta as necesidades específicas das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social para as cales é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos seus dereitos, de cara a rachar co seu illamento e favorecer o seu empoderamento, de ahí o desenvolvemento do *Proxecto Malaikas*. As mulleres migrantes teñen máis marcadas a discriminacións ou vulneracións por mor de xénero, sufrindo diariamente situacións de desigualdade machista. En canto á violencia de xénero, moitas mulleres migrantes sofren violencia por parte das súas parellas.

E, o *Proxecto Berrando ao mundo* de intervención con adolescentes en risco de exclusión social para o fomento da igualdade de xénero para tratar as problemáticas que enfronta a mocidade na vivencia da súa afectividade xa que é unha época especialmente propensa a relacións pouco sas nas que se prioriza ter un vínculo afectivo aínda que requira pagar un custo social e emocional alto.

A Consellería de Política Social e Igualdade estima de interese público establecer unha liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento dos proxectos *Malaikas* e *Berrando ao Mundo* posto que é a única entidade que desenvolve en toda Galicia dous programas desas características nos que se aborda a prevención, sensibilización e información acerca da violencia de xénero nos que probablemente sexan na nosa sociedade actual os dous grupos máis vulnerables e expostos a mesma: as mulleres migrantes e a



mocidade en situación de risco e/ou exclusión social.

Os proxectos desenvolveranse nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

O proxecto Malaikas vai dirixido a mulleres migrantes, maiores de idade de diversas nacionalidades que queiran participar en accións de prevención da violencia de xénero e que favorezan a súa formación. As mulleres poden ir por iniciativa propia, do traballo en rede con outros proxectos ou doutras entidades.

As actividades que se levan a cabo estrutúranse en *espazos de acollida* diaria onde reciben información sobre recursos específicos para mulleres, en *encontros formativos* nos que se realizan obradoiros sobre a prevención da violencia de xénero e protección dos dereitos das mulleres migrantes promovendo a súa seguridade e autonomía, así como *encontros comunitarios* onde se procurará a mellora o benestar emocional das mulleres e a posibilidade de afrontar situacións persoais, familiares e sociais.

O proxecto Berrando ao Mundo de fomento da igualdade de xénero entre a poboación adolescente e xuvenil en situación de risco e/ou exclusión social cunha metodoloxía activa e participativa, mediante dinámicas vivenciais e de reflexión, e a integración das novas tecnoloxías. Realizaranse obradoiros, sesións de encontros así como un concurso de relatos curtos para participantes.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

